# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### VILASANTAR

*Aprobación definitiva Ordenanza taxa auga*

Normativa:

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do 10 de novembro de 2010, aprobou a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga potable.

Unha vez exposto ao público polo prazo de trinta días e sen haberse presentado reclamacións, publícase integramente a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por subministro de auga potable, segundo o establecido no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante o que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**ORDENANZA FISCAL NÚMERO 12.**

TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA.

**Artigo 1° .- Concepto**

De acordo co previsto no artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na nova redacción dada polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 31 de xullo, este concello establece a taxa polo subm1histru municipal de auga, que se rexerá pola presente ordenanza.

**Artigo 2° .-Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do servicio público regulamentado nesta ordenanza os que se beneficien do servicio municipal de subministro de auga, dende o momento en que se inicie a prestación do servicio.

**Artigo 3° .-Suxeito pasivo.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias do servizo de subministro de auga, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.

**Artigo 4° .-Responsábeis.**

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos., interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5°. Tarifas:**

**Mínimo ata 20 m$^3$ bimestre: 2,52 €**

**De 20 a 40 m$^3$ bimestre: 0,35 €/ m$^3$**

**A partir de 40 m$^3$ bimestre: 0,55 €/ m$^3$**

**Conservación contador 0,40 €**

**Conservación acometida 1,00 €**

Fíxase unha taxa de 45,00 euros pardas novas autorizacións de acometida á rede xeral de abastecemento

**Artigo 6° Xestión e cobranza:**

A obriga de pago desta taxa nace desde o momento en que se inicia a prestación do servizo.

A taxa liquidarase bimestralmente salvo que por causa xustificada a Xunta de goberno local decida variar os períodos de liquidación, a decisión será publicada no taboleiro de editos do concello e nos puntos empregados habitualmente polo concello en todas as parroquias.

O non pago do recibo significa a renuncia ao servicio. En calquera caso as débedas derivadas da taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, conforme ao Regulamento Xeral de Recadación

**Artigo 7° .-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**Disposición final:**

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Vilasantar,20 de xaneiro de 2011

A alcaldesa

Manuela García Freire

2011/1014